RESOLUCIÓN DE ADXUDICACIÓN

Expediente: AB-EIV1-19-022

Obxecto: Servizo de mantemento do Sistema de Xestión da Imaxe Cardiolóxica para os centros dependentes da EOXI de Vigo.

Procedemento de adxudicación: Aberto, artigos 131 e 156 a 158 da LCSP.

ANTECEDENTES

1.- O Xerente da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Vigo, por Resolución de data 28 de xuño de 2019, acordou aprobar o expediente de contratación e autorizar o gasto.

2.- A licitación anunciouse mediante Resolución do 1 de xullo de 2019, da Xerencia de Xestión Integrada de Vigo, publicada o día 2 de xullo de 2019 no perfil do contratante https://www.sergas.gal e nas direccións: https://www.contratosdegalicia.gal e https://contrataciondelestado.es.

3.- Á licitación concorreu a empresa:

- PHILIPS IBÉRICA, S.A.U.

4.- A Mesa de Contratación, reunida o 19 de xullo de 2019, procedeu á apertura dos sobres A "Documentación administrativa", examinado o seu contido a Mesa acorda admitir á única empresa presentada, posto que cumpre cos requisitos exixidos na convocatoria.

5.- O 23 de xullo de 2019 reúnese a Mesa de Contratación, para a apertura, en sesión pública, do sobre B e lectura da oferta.

PREZO OFERTADO S/IVE	TEMPOS DE RESOLUCIÓN OFERTADOS		TEMPOS DE RESPOSTA OFERTADOS
	Tempo de resolución remota	Tempo de resolución presenza física	
35.400,00	24 HORAS	48 HORAS	30 MINUTOS

Revisada a oferta polo servizo promotor do expediente, e quedando constancia de que a oferta da única empresa presentada á licitación, cumpre todos os requirimentos técnicos e de soporte recollidos no Prego de Prescricións Técnicas, acórdase elevar ao órgano de contratación, proposta de adxudicación a favor da empresa PHILIPS IBÉRICA, S.A.U. e que unha vez aceptada dita proposta o servizo de contratación administrativa requira ao licitador a documentación recollida na cláusula 6.5.2 do PCAP que rexe a contratación.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1.- O xerente da estrutura organizativa de Xestión Integrada de Vigo, é o órgano competente para resolver o procedemento, pola delegación contida no artigo 5 da Orde do 5 de xullo de 2012, sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Sergas (DOG nº 139, do 20 de xullo de 2012).

2.- A adxudicación do contrato realízase a favor da empresa proposta pola Mesa de Contratación e que acreditou o cumprimento das súas obrigas tributarias e coa seguridade social, así como a constitución da garantía definitiva.

3.- Na tramitación do expediente observáronse as disposicións establecidas na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

RESOLUCIÓN

No uso das facultades que teño atribuídas pola Orde da Consellería de Sanidade, do 5 de xullo de 2012, sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde (DOG nº 139 do 20 de xullo), e en cumprimento do disposto nos artigos 158 e 151 da LCSP, resolvo:

1º.- Adxudicar o contrato para o servizo de mantemento do Sistema de Xestión da Imaxe Cardiolóxica para os centros dependentes da EOXI de Vigo nos seguintes termos:

EMPRESA ADXUDICATARIA	IMPORTE TOTAL ADXUDICADO (24 meses IVE excluído)	IVE	IMPORTE TOTAL ADXUDICADO (24 meses IVE incluído)
PHILIPS IBÉRICA, S.A.U. NIF:A28017143	35.400,00 €	7.434,00 €	42.834,00 €

2º.- Que o contido da presente resolución se notifique aos participantes na licitación e se publique no perfil do contratante, de conformidade co disposto no artigo 151 da LCSP.

3º.- Que o contrato se formalice dentro do prazo máximo de quince días hábiles, seguintes a aquel no que se reciba a notificación da adxudicación, segundo establece o artigo 153.3 da LCSP.

O presente acordo, que esgota a vía administrativa, poderá ser recorrido potestativamente en reposición, no prazo dun mes, ante o órgano de contratación, ou ser impugnado directamente, no prazo de dous meses ante a Xurisdición Contencioso-Administrativa, contados en ambos casos dende o día seguinte ao da súa notificación.

Vigo, a 10 SET. 2019

XERENTE DE XESTIÓN INTEGRADA DE VIGO

Julio García Comesaña